Finalmente no barrio de Fondo de Vila preto do camiño medieval e tralo pazo de Fondo de Vila existe unha casa que conserva na súa parte posterior unha ventá de dobre arco conopial. Este non é o único resto medieval desta casa, xa que a cornixa desta casa está decorada a base de bólas de pedra. Esta decoración da cornixa é máis visible na parte posterior da casa xa que na parte dianteira é menos visible debido a que se escalou e pintou de branco. A datación da cada dacho que ten a ventá con dobre arco conopial podemosla situar nos séculos XIII-XIV sempre e cando estes materiais non foran reaproveitados dalgunha construción anterior.

23. "Sin noticias acerca del diácal encontrado en el pueblo de Cabanelas" de 9 de diciembre de 1908 "La Voz de Galicia".

24. Idem

25. Idem

IDADE MODERNA (séculos XVI - XIX)

Trala fructífera etapa da idade media, entramos nun período escuro da historia de Cabanelas xa que deste período tan só temos datos illados. A pesar de todos estes datos permítenos achegarnos a historia de Cabanelas se ben sería precisa unha investigación máis profunda.

En canto o poder político podemos seguir a evolución de Cabanelas a través de diferentes censos e catastros.

No censo do ano 1594 figura o seguinte "Partidos de Lobeira y Fontepña, Santa Comba de Navas, Villariño, y Garibanos, Marantel, Dozón, Parrovia, Lobás e Mudelos, Pacios y Lagos, Cabanelas, Casm Cabadoso, Longoseiros, Jovenzos y Cameixas" con 1190 veciños (Losada, 1993, p 46).

Uns anos máis tarde en 1571 ó facerse un novo censo para a distribución no territorio dos moriscos granadinos a parroquia de Banga a cal pertencía Cabanelas figura con 70 veciños. Neste censo tamén nos indica que a parroquia de Banga e con ela Cabanelas pertencían á xurisdición de Ocellón (Losada, 1993, p 96).

No catastro do Marqués da Fozmada (1752-53) a parroquia de Banga que por entón comprendía os pobos de Banga e Cabanelas pertencía á xurisdición de Castro Cabadoso que pertencía á súa vez ó señorío do Conde de Ribadavia. A poboación da parroquia de Banga neste catastro é de 103 veciños (Gallego Domínguez, 1988, p 147).

No censo de "Floridablanca" do ano 1787 Cabanelas e a súa parroquia matriz, Banga seguían pertencendo á xurisdición de Castro Cabadoso e o Conde de Ribadavia. Neste censo figuran en toda a parroquia de Banga 510 habitantes, a maior parte deles labregos (I.N.I., 1990, p 42, 43 e ss).

Destes datos que acabamos de expoñer despréndense varias cousas: por un lado Cabanelas seguía formando parte da parroquia de Banga, dependencia que comezara na idade media, e por outra banda parece ser que Cabanelas foi xurisdición segundo se desprenda do censo de 1594 pasando máis tarde a formar parte da xurisdición de Castro Cabadoso na que permaneceu ata o século XIX, quedando nas mans do señorío de Ribadavia.

Se na idade media falabamos da casa de Quintela que tiña un lintel coa estrela de David e que nun principio fora tomada por unha casa xudea, segundo Jaime Ferreiro Alemparte esta casa era unha capela dos Cabaleiros "sanjuanistas" e durante este período seguía funcionando como capela xa que Ferreiro Alemparte sinala que "la casa de la capilla de Quintela está bien documentada en 1562, donde se habla incluso de un capellán llamado Lorenzo Méndez"²⁶.

²⁶ Ibem

Ensayo de Castro de Gándara "Quintela Lasso" 1971, 1976

Esta capela de Quintela podería ser unha dependencia da encomenda de Beade, xa que Ramón Otero Pedrayo sinala que a encomenda tiña posesións na parroquia de Santa Baia de Banga, pero non indica en que lugar da parroquia tiña posesións dita encomenda. (Otero Pedrayo, 1963, p63).

A sociedade de Cabanelas, deste período histórico é eminentemente labrega, que tería nos vilidos o seu principal recurso económico. Xunto á masa labrega había unha minoría de fidalgos que decretaba o seu poder desde os diferentes pazos que hoxe se conservan en Cabanelas dos que logo falaremos.

Sobre esta sociedade de Cabanelas exercían o seu poder o Conde de Ribadavia e toda a encomenda de Beade que recibían rendas dos paisanos.

No seo desta sociedade xurdiron unha serie de personaxes ilustres, algúns deles nados a fins do século XVIII e que desenvolveron parte das súas actividades profesionais a inicios do século XIX. Referímonos a membros das familias De la Peña e dos Arias-Teixeiro, familias que co tempo chegarían a entroncar unha con outra.

A figura máis antiga desta familia foi Bartolomé Francisco de la Peña nado o día 1 de xuño do ano 1644 en Cabanelas. Optou Bartolomé de la Peña, pola vida relixiosa e desta forma abrazou a orde beneditina ingresando no mosteiro de Samos do cal chegou a ser abade dende o ano 1689 ata o ano 1693. Durante o seu mandado como abade podemos sinalar algúns feitos importantes como, por exemplo, que se terminou de construír a parte norte do claustro grande do mosteiro que o seu predecesor deixara inacabado, e que en outubro de 1690 recibiu os seus votos, ante Frei Anselmo e Padre Feijoo. Desempeñou tamén o cargo de abade do mosteiro de San Martín de Madrid e no ano 1693 foi nomeado xeneral da súa congregación.

Finalmente trasladouse a Italia onde foi nomeado bispo de Crotona en 1717 ou en 1719 (as fontes consultadas contradícese xa que unhas fontes fixan a Frei Anselmo como bispo de Crotona en 1717 e outras en 1719). Entre os anos 1719 e 1722 Frei Anselmo ocupou provisionalmente o arcebispado de Otranto e en 1723 foi nomeado bispo de Agrigento cargo que desempeñou ata a súa morte acaecida o 5 de agosto do ano 1729 cando tiña 85 anos, poñendo así fin ás súas andanzas por Italia onde pasou os últimos anos da súa vida, exercendo o cargo de bispo. (Ferreiro Alemparte, 1973, e Irijín, 1981, p 481).

Pasamos agora falar dos personaxes ilustres da familia dos Arias. Teixeiros que por certo, como xa indicamos antes, entroncaron coa familia De la Peña. A conexión entre ambas as dúas familias parte dun irmán de Frei Anselmo de la Peña. Don Leonardo de la Peña quen casou con dona Bernarda ou Benita González de Soto, fido deste matrimonio naceron tres fillos concretamente un home e dúas mulleres. Unha delas Petronila de la Peña casou con membro da familia dos Arias-Teixeiro: Pedro Arias-Teixeiro (Crespo del Pozo, 1985, p 114 e Ferreiro Alemparte, 1973).

Deste novo matrimonio naceron varios fillos dos que destacaron dous deles: Benito Antonio Teixeira Rodríguez e Antonio Arias Teixeira y Ulloa.

Ensayo de Castro de Gándara "Quintela Lasso" 1971, 1976

Antonio Arias Teijeiro y Ulloa naceu en Cabanelas o 21 de marzo do ano 1709. Personaxe do cal temos poucos datos, segundo o seu biógrafo José Santiago Crespo del Pozo iniciou os seus estudos no Colexio de San Jerónimo, ampliándo-os máis tarde nos de Santiago e Salamanca. Rematou os seus estudos acadando o título de doutor en Teoloxía. Crespo del Pozo sinala as moitas e brillantes oposicións ás que se presentou: "... a una boca vacante en el insigne Colegio de S. Clemente de Pasantes, perteneciente al obispado de Orense, en 1744, a la canongía magistral de A Coruña, a la Lectoral de Lugo en 1750, a una cátedra de matemáticas en 1752, a la Lectoral de Orense, etc...". Por último sinalar que foi rector do Colexio de S. Clemente de Pasantes, cargo para o que foi elixido catro veces, (Crespo del Pozo, 1983, p. 114). Pouco máis poderemos dicir de Antonio Arias Teijeiro y Ulloa, salvo que no pazo de Fondo de Vila un leirreiro conmemorativo sinala que morreu na Ramadosa (Vigo) no ano 1814, data esta última da que describiamos bastante xa que de ser certa dou Antonio Arias Teijeiro morrera ós 135 anos de idade (!!).

Benito Antonio Teijeiro Rodríguez naceu no Pazo de Fondo de Vila de Cabanelas. A súa data de nacemento varía duns autores a outros: o Padre Samuel Eiján e Crespo del Pozo fixan o seu nacemento o día 6 de febreiro do ano 1741, mentres que Ferreiro Alemparte sitúa o seu nacemento o 21 de outubro do ano 1742 (Eiján, 1981, p. 482; Crespo del Pozo, 1993, p. 114; Ferreiro Alemparte, 1973).

Parece ser que foron os seus pais os que se encargaron da súa instrución cando era neno. Posteriormente, ós 14 anos, cursou estudos clásicos de ciencias exactas na Universidade de Santiago, ampliando logo os seus estudos na Universidade de Valladolid. Ós 15 anos ingresou no mosteiro beneditino de San Vicente de Salamanca onde tomou os hábitos, cambiando o seu nome polo de Veremundo o optar pola vida relixiosa. Co paso do tempo chegaría a converterse en doutor en Teoloxía na Universidade de Salamanca onde foi catequista durante 20 anos, chegando tamén a ser abade do mosteiro de San Vicente de Salamanca. En 1804 foi nomeado bispo de Pamplona; coa invasión francesa durante a Guerra da Independencia (1804-1814) fuxiu a Palma de Mallorca. Durante a guerra, contra o invasor francés e os afirmosados combatiu Frei Veremundo coa palabra e a través de diversos escritos motivo polo que foi perseguido. Ó finalizar a Guerra da Independencia en 1814 foi elevado ó rango de arzobispo de Valencia. Durante o trienio liberal (1820-1823) defendeu os dereitos dos sacerdotes, por isto e pola súa oposición ó réxime liberal foi encarcerado en 1820 e logo expulsado de España, tendo que exiliarse en Francia, onde fixou a súa residencia en Perpignan e despois en Toulouse. Dende o seu exilio enviou diversas pastorais ós seus dioceses. En canto ós últimos anos da súa vida as distintas fontes consultadas non se poñen de acordo para un nome no exilio e para outros regresa a España en 1823 ó rematar-lo trienio liberal, volveu á súa sede de Valencia onde faleceu o 15 de febreiro de 1824. No que si están de acordo todos os autores e que en 1820 rega-

loulle á súa parroquia natal Banga un termo de seda branca con franxas douradas (Crespo del Pozo, 1983, p. 114; Eiján, 1981, p. 482; Ferreiro Alemparte, 1973).

O Padre Samuel Eiján cita diversos escritos de Frei Veremundo: como a instrución pastoral impresa en Palma de Mallorca en 1813 na que interviñeron diversos bispos a parte de Frei Veremundo. Tamén escribiu algúns documentos nos tomos III, VI e IX da Colección Eclesiástica Española. O nome deste relixioso figura entre aqueles bispos que lle enviaron ó papa unha exposición sobre o estado de perturbación da igrexa española (Eiján, 1981, p. 482).

Outro membro desta familia tamén ilustre foi Manuel ou Ramón Arias Teijeiro de Castro (as fontes non se poñen de acordo no seu nome) parece ser que naceu en Cabanelas o 29 de abril do ano 1780. Foi sobriño de Frei Veremundo e do doutor Antonio Arias Teijeiro y Ulloa. A súa vida estivo vinculada ó seu tío Veremundo que se encargou da súa educación dende cedo e tamén o instruíu nas ensinanzas de Filosofía e Teoloxía. Acompañou ó seu tío nas súas estadas en Pamplona e Valencia. Ó igual co seu tío optou pola vida relixiosa acadando por oposición diversas dignidades eclesiásticas, entre elas a de Prior Velaz na catedral de Pamplona. Foi nomeado bispo de Santander en 1848. En 1852 fundou un seminario para a súa diocese no mosteiro de Monte Corbán. Durante a epidemia de cólera dos anos 1855-56 destacou pola súa caridade. Xu ancián, cheo de achaques, solicitoulle ó papa a renuncia do seu posto que obtivo en 1859 retirándose ó convento da Nosa Señora das Caldas onde faleceu o 19 de decembro de 1863, ós 83 anos de idade (Eiján, 1981, p. 483 e ss; Crespo del Pozo, p. 114).

Outro personaxe deste período e que nada ten que ver coa familia De los Peñas e Arias-Teijeiro foi o bacharel Jácome Rodríguez de Cirroba veciño de Cabanelas "famoso" no mosteiro de Oscira non por ser un destacado relixioso, senón por estar metido constantemente en preitos co xa nomeado mosteiro cisterciense.

As andanzas deste home comezaron no ano 1616. Polo visto o mosteiro aferráralle en Partovia (O Carballiño) o monte e a devesa do Sotarrado, e levaba dous anos sen pagar o aforo a Oscira e ese ano reclamáulle o pagamento dos vinte reais que lle adebedaba polo non pagamento do aforo (Román Martínez e outros, 1993, p. 346).

Descoñecemos se chegou a pagar esta débeda, o caso é que no ano 1618 volveu ás andanzas xa que dous criados seus estaban decapando e talando o monte e devesa de Sotarrado. Oseira informada desta ordenou tomar declaración ós criados para averiguar porque estaban a talar e decapar unha propiedade do mosteiro (Román Martínez, e outros, 1993, p. 346).

Non escarmentado de tanto preito, continuoulle debendo cartes ó mosteiro, desta vez polos lugares de Cirna de Vila e Castro, ámbolos dous de Partovia que tamén llelos afurara Oseira e polos calces en 1621 lle adebedaba ós monxes de Oscira nada máis nin menos, que 1172 reais e como non os tiña acordou pagar-llos

en catro prazos. Para poder pagar a débeda hipotecou as sete fanegas de pan e un ducado que lle pagaban en Fontañas (San Facundo/San Cristovo de Coa). Como o bacharel non pagou un dos prazos, concretamente o de xullo de 1624, Oseira quedouse coas nove fanegas de pan de Casandufe. (Romani Martínez, 1993, p. 310).

Finalmente en 1626 a causa empedouse algo máis, xa que Xacome Rodríguez de Carba tamén lle adebouda un cartón ó mosteiro de San Martiño de Santiago, este mosteiro solicitou guardarse coas rendas que percibía o moroso bacharel en Casandufe e Fontañas, pero Oseira opúxose xa que ambos lugares eran seus e a renda que producían estáballe hipotecada a Oseira (Romani Martínez, 1993, p. 310).

Retomamos o noso percorrido deste período falando dos pazos de Cabanelas, pazos dos que existe moi pouca información histórica.

O pazo de fondo de Vila actualmente propiedade da familia Otero, e herce dos ilustres membros da familia De la Peña e Arias-Teijeiro que nomeamos antes e que en cartel na porta do pazo lembra que ali viviron Frei Anselmo de la Peña, Frei Veremundo, o doutor Antonio Arias Teijeiro y Ulla, Manuel ou Ramón Arias Teijeiro e un tal Nicolás Lino Porto González personaxe do que nada sabemos a excepción de que morreu en 1933 segundo reza no cartel.

O que si podemos afirmar é que Frei Veremundo morreu neste pazo en 1742 e que este pazo pertencen a súa nai Petronila de la Peña polo que podemos datar este pazo como mínimo do século XVIII.

Pouco máis podemos dicir deste pazo salvo que hoxe está coas ruínas quedando del tan só as paredes. O pazo ten planta rectangular e ten dous pisos: baixo e primeiro piso, a cornixa está rematada en pínuculos, ten capela, desgraciadamente en ruínas. Actualmente os actuais propietarios están reconstruíndo o pazo.

Outro pazo é o dos Mota, situado no barrio de Cima de Vila, actualmente é propiedade da familia Otero, a mesma que ten o pazo de Fondo de Vila. Deste pazo carecemos de datos históricos. En canto ó seu estado de conservación, ata hai algúns anos estaba abandonado e en ruína, actualmente foi reconstruído polos Otero.

O pazo ocupa o extremo dun prado que o rodea. É de planta rectangular con torre nun dos seus ángulos, ten dous pisos e a torre tres. Entre esta e a torre hai un pequeno patio; a fachada principal é a sur e a ela accédese por unha escaleira de pedra situada nun dos seus lados. A planta baixa destínase a adega e lagares e o piso superior a servir de vivenda, ten unha solaina situada na fachada sur, a torre é de planta cadrada e está rematada por pínuculos (Riviera Rodríguez, 1981, p. 270-271).

No exterior do pazo existe un pombal e unha piscina rodeada por columnas e arcos de medio punto (engadido recente).

A entrada ó pazo faise por un portallón rematado en arcos cunha estana con escudos ós lados (Lamia, 1993, p. 121).

O pazo de Belvís mal chamado "casa do cabildo" en diversas publicacións. A nivel histórico este pazo pertence á familia Quiroga e está relacionado coa con-

desa Emilia Paulo Bazán xa que o pazo foi propiedade do seu marido José Quiroga quen tiña ó mesmo tempo outro pazo na veciña localidade de Banga, actualmente o pazo pertence a dona Amparo Quiroga.

O pazo ten planta rectangular e está rodeado por varios paries, foi construído en dúas épocas diferentes sendo a máis antiga a correspondente á solaina. O pazo consta de baixo e primeiro piso. O baixo destinado a adega e o primeiro piso a vivenda. A fachada principal está orientada ó sur e nela atópase a solaina e un balcón e nesta fachada hai un escudo coa cruz e a palma da inquisición.

Esta casa presenta a peculiaridade de que o acceso ó primeiro piso faise por unha escaleira situada na parte posterior do edificio. O máis salientable do pazo e a coxina con lareira e chimenea con tres corpos. (Riviera Rodríguez, 1981, p. 249-250).

Por último temos o pazo de Reboreda emprazado no barrio de Cima de Vila. O pazo sufriu moitas reformas. O máis salientable deste é a súa parte posterior, conta cunha escaleira que dá acceso a unha solaina sostida por columnas con escudos dos Loreda e Robadeneira. No exterior do pazo consérvase unha capela dedicada a San Bartolomé. Consta esta capela de dous corpos: un rectangular que é a nave e outro cadrado con bóveda de canón que é o altar. (Riviera Rodríguez, 1981, p. 273).

En canto ó estado de conservación da capela é de total abandono, e o do pazo aínda que está habitado estanse levando reformas nalgunha das súas partes.

Da historia do pazo nada sabemos. O seu actual propietario é o profesor Jaime Ferreiro Alemparte.

SÉCULO XIX

Durante a Guerra da Independencia (1808-1814) combatiuse en diversos lugares da comarca do Carballiño contra as tropas francesas. Cabanelas non foi unha excepción, xa que tivo un destacado papel na loita co invasor francés.

Coa invasión napoleónica creáronse por todo o territorio español as chamadas "juntas" entre elas a de Ourense, as cales coordinaban a loita contra as tropas galas. Para soste a loita a "junta" de Ourense recibiu doazóns de mosteiros e de particulares entre elas a dita veciña de Cabanelas dona Ana González Mosquera que aportou 1000 reais (Eiján, 1981, p. 493-4).

Finalmente o 28 de febreiro de 1809, Cabanelas convertiuse en escenario da loita contra os franceses. Ese día un destacamento francés de trinta homes achegouse ata os pobos de pazos de Arenteiro e Cabanelas para esixir víveres da poboación, os paisanos responderon atacando a este destacamento en Cabanelas e pazos. No combate os franceses perderon seis homes e o resto da unidade francesa batéuse en retirada. Como represalia da acción de Cabanelas unha forza combinada de infantaría e cabalería de 1000 homes presentáronse o 2 de marzo de 1809 en Pazos de Arenteiro onde foron derridos polas forzas mandadas polo capi-

tán Bernardo González "Cacharniña" as cales venceron e obrigaron a retirarse ás fincas na Rivadabía (Ujián, 1981, p. 521-522).

Boa parte da historia de Cabanelas do século XIX está ligada á parroquia de Banga. Lembremos que era a parroquia á cal pertencía o pobo de Cabanelas) de modo que para seguir a historia de Cabanelas, hai que seguir a historia da parroquia de Banga, que durante a primeira metade do século XIX peregrinará entre os concellos de Hanga e do Carballiño.

A inicios deste século, son que sabemos a data concreta xorde o Concello de Banga; as primeiras noticias que temos deste concello datan do 3 de marzo de 1820 data na que o Concello do Carballiño pasa a ser cabecera de partido xudicial que daquela contaba con 22 concellos entre eles o de Banga (sobra dicir que a parroquia de Banga e o pobo de Cabanelas pertencían a este concello).

Este Concello de Hanga debuxo desaparecer entre marzo e maio de 1820, xa que o 15 de maio deste ano tanto a parroquia de Hanga como o pobo de Cabanelas formaban parte do Concello do Carballiño. Pouco tempo despois, o 19 de setembro de 1820 as parroquias de Banga, Sagra e O Barón segregáronse do Concello do Carballiño e xunto coas parroquias de Anillo e Grixoa pasaron a formar o Concello de Hanga, pero este novo concello terá unha curta vida xa que a penas dous anos máis tarde regresaron de novo ó Concello do Carballiño (Fariña Jamarido, 1961, p. 10 e Fariña Jamarido, 1993, p. 454 e ss.).

Cabanelas que ata entón seguía a mesma sorte en parroquia de Banga, remata a súa peregrinación de concello en concello a partir do real decreto do 23 de xullo de 1835 polo cal se crean os actuais concellos, por este decreto Cabanelas e a súa parroquia Banga abandonan a xurisdición de Castro Cabalooso pasando polo tanto de formar parte do Concello do Carballiño de xeito definitivo e así segue ata agora (Fariña Jamarido, 1993, p. 455).

O dicionario Madoz (1845) ó falar da parroquia de Banga di nos o seguinte: "Comprende los lugares o barrios de Banga, Cabanelas, Cahana, Cima de Vila, Fondo de Vila, Figariños e Villou que reúnen sobre 200 casas, en lo general de pésima construcción". Sobra dicir que o Madoz comete o un erro xa que Cima de Vila e Fondo de Vila son barrios de Cabanelas.

Con respecto a Cabanelas o Madoz di nos o seguinte: "La iglesia parroquial (Santa Eulalia) está considerada como matriz de Cabanelas, en cuyo pueblo hay 1 capilla con la advocación de San Juan". Esta capela dedicada a San Xoán non se conserva na actualidade, pero estaba emprazada segundo Jaime Ferreiro Alemparte onde hoxe está a actual igrexa de Cabanelas (Ferreiro Alemparte, 1997, p. 42).

O Madoz tamén nos di o seguinte: "los caminos son bastante malos, no obstante que en Hanga y en Cabanelas hay un portazgo cuyo beneficio reporta al Conde de Rivadabía antiguo señor jurisdiccional". Esta era unha situación pieto-

resca xa que a pesar de non pertencer á xurisdición de Castro Cabalooso ambos pobos seguíanlle pagando ó Conde de Rivadabía o portadego.

A relación de Cabanelas coa parroquia de Banga a cal pertencía desde a idade media rematou no ano 1893, ano no que Cabanelas se segregou de Banga e pasou a ser parroquia independente (Fariña Jamarido, 1993, p. 456).

Isto en canto á independencia política, a relixiosa seguiu uns anos máis xa que Cabanelas, a nivel relixioso dependía tamén desde a idade media da igrexa parroquial de Banga, dependencia que rematou no ano 1895 coa construción da actual igrexa (Fernández Otro e outros, 1983, p. 111).

BIBLIOGRAFÍA

- CRESPO DEL POZO, José Santiago: *Blasones y linajes de Galicia*. Tomo II incluido no volumen XX da Historia de Galicia, ed. la gran enciclopedia vasca, 1983.
- ELIÁN, Samuel: *Historia de Rivaldo y sus alrededores*, ed. Alvarellos, Lugo 1981.
- FARIÑA JAMARDO, José: *Gafa de Carballiño*. Madrid 1961.
- *Os concellos galegos*. Tomo II, ed. Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1993.
- FERREIRO ALEMARTE, Jaime: "Figuras ilustres de Cabanelas en la demarcación de Carballiño: Fray Anselmo de la Peña, Obispo de Crotona y Agrigento" no libro de festas de 1973. Ed. Concello do Carballiño, 1973.
- "Cabanelas: sus aforanzas y necesidades". En el diario La Voz de Galicia, 29 de xuño de 1997 p 42.
- FERRERA PRINGLI, Elisa: "Los castros medievales de Galicia". Boletín Auriense, anexo 9 ed. Museo Arqueológico Provincial, Ourense 1988.
- GALILEGO DOMÍNGUEZ, Olga: *La organización administrativa territorial de la antigua provincia de Orense a mediados del siglo XVIII*. En el Boletín Auriense, Anexo 10. Ed. Museo Arqueológico Provincial, Ourense 1988.
- GARCÍA, Juan Ignacio: "As velas pontes do Concello do Carballiño" no libro de Festas Patronales de Carballiño de 1997. Ed. Concello do Carballiño, 1997, p 73-75.
- INE: *Censo de 1787 "Floridablanca"*. Comunidades Autónomas del Norte, nº 4 Atlántico. Ed. INE, Madrid 1990.
- LEIRÓS FERNÁNDEZ, Eladio: *Catálogo de los pergaminos monacales del archivo de la S.I. Catedral de Orense*. Ed. El Eco Franciscano, Santiago 1951.
- LIMIA, Francisco Xavier: "A Arte" en *O Arreiteiro*. Jesús de Juana (DIR). Ed. IR INDO, Vigo 1993, p 113-152.
- LOSADA, M^a Jesús: "A Historia" en *O Arreiteiro*. Jesús de Juana (DIR). Ed. IR INDO, Vigo 1993, p 73-110.
- MADOZ, Pascual: *Diccionario estadístico de España y sus posesiones de ultramar (1845)*.
- PEDRAYO OTERO, Ramón: "La encomienda de Beade de la Orden de Malta" en Cuadernos de Estudios Gallegos, Tomo XVIII, nº 54, Santiago 1963, p 57-91.
- RIVERA RODRÍGUEZ, M^a Teresa: *Los pozos orrensanos*. Ed. Caja de Ahorros Provincial de Ourense, 1981.
- Boletín do Centro de Estudos "Osareira Louren" nº 1, 1999*

- ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel: *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense)*, 1025-1310, VOL I e II. Santiago 1989.
- *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense)*, 1310-1399, Vol 3, Santiago de Compostela.
- ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel; PORTELA, M^a José; GARRIDO, Margarita: *Catálogo del archivo monacal de Oseira en 1629. Repertorio para las escrituras antiguas del Archivo Baxo*. Ed. Tórculo, Santiago 1993.
- VARELA, César: "A freguesía de Cabanelas nos seus nomes de lugar" na *Voz das parroquias do Carballiño nº 3*. Ed. AA.VV do Concello do Carballiño, 1993, p 3.

OUTRAS FONTES:

La Voz de Galicia
La Región

UNHAS NOTAS SOBRE O CARBALLIÑO NOS TEMPOS DA PREHISTORIA, NA ÉPOCA ANTIGA E NO MEDIEVO

Juan José Docampo Navea

Co obxecto de historiar ós nosos devanceiros e de afondar no coñecemento das raíces deste pobo, achégase no presente artigo algunhas notas sobre os diversos períodos da prehistoria, historia antiga e medieval do que logo cos tempos constituiu o actual municipio do Carballiño.


Artigo este que se basea na curta bibliografía coñecida ata agora, a espera de que novos achádegos e laboriosas investigacións aporten máis datos, que supoñan un ancheamento do campo de traballo e por outro lado clarifiquea aspectos aínda dubidosos.

A Prehistoria (20.000-V a. de C.)

Sobre os primeiros testemuños de vida humana atopáronse hai bastantes anos nas proximidades do río Aranteiro e do seus afluentes toda unha serie de bifaces en camiños, muros e líneas, que estudou o profesor Vázquez Varela¹. Esta proximidade xeográfica á cauce fluvial inducen a pensar que os moradores destas terras aproveitarían os cantos rodados destes ríos e logo tallasen sobre o núcleo, deixando amplas zonas do útil sen traballar, abastecendo así a súa rudimentaria industria, que pola súa similitude tipolóxica con outras pódense considerar achelense.

1. Vázquez Varela, X.M.: Contribución al estudio del Paleolítico gallego. La cuenca del río Aranteiro. 1973.
2. López Cuevillas, en colaboración con M. Chamoso Lamas: Una necrópolis de sepulturas planas. Cuadernos de Estudios Gallegos, XIII, 1958.

Tamén é de supoñer que non habiasesen moito tempo no mesmo lugar polo seu carácter nómada-coleitoral-cazador-depredador. Estes serían os primeiros poboadores que se asentaron nestas terras.



Os primeiros testemuños de presenza humana na terra do Carballiño.
Bifaces. Segundo Vázquez Varela


Co paso do tempo o home evoluciona hacia fórmulas de vida que suporán un cambio substancial nas súas relacións espaciais e culturais: pásase a unha economía productora de alimentos, a un hábitat sedentario, a creación cerámica, e o tremendo trasfondo relixioso nas súas manifestacións constructivas, xeitos novos de vida que coinciden cos períodos coñecidos como neolítico e megalítico.

Como mostra significativa propia desta época tiñamos un sepulcro megalítico no monte da Esqueva (Madarrás), formado por un túmulo de terra que recubría un dolmen no interior e que se asentaba nun espazo moi apto para os labores agrícolas. Lamentablemente da tumba en si pouco queda: despoñada las pedras, movidas de sitio pola acción de escavadoras e todo tipo de tropelías fan que hoxe teñamos que imaxinarnos o fermoso sepulcro de máis de 5.000 anos que ali existiu. Só se salvaron parte dos seus restos cerámicos, que se atopan no Museo de Ourense, e despois de moitas peripecias para o seu depósito, dado que algunhas persoas privadas xa as afesouraran para si.

Revista do Centro de Estudos "Chamoso Lamas" Nº1, 1979

Outros achados apareceron ó face-lo desterre para levantar un etalé na zona residencial do Parque en 1956 atopándose necrópolis de sepulturas planas acompañadas de cerámica que Chamoso Lamas e L. Cuevillas relacionaron no seu momento con esta época megalítica³.

Tamén desta época do Megalítico aventúrase citar a Pena dos Namorados e a súa estrutura pétreo como manifestación máxica-relixiosa do momento.



Necrópolis de sepulturas planas de época megalítica na zona residencial do Parque.
López Cuevillas e M. Chamoso Lamas.

A época castrexa (V. a. de C.-pervive coa romanización)

Sobre a civilización castrexa posuímos exemplos que se atopan no que hoxe son os límites territoriais do Carballiño: son os asentamentos de Madelos e Penedo de Partovia, que nunca se escavaron, e o Coto de Mosteiro (Lobás), no que se traballou en 1984 e 1985 e do que se obtiveron algúns datos desta cultura⁴.

Ubicados en cumes de outeiros e montañas, estes recintos fortificados presentan un marcado carácter defensivo pero tamén servían como lugar de residen-

3. Otero Grandal, L.: Castro Coto de Madelos 1984-85, Concello de Ourense, 1983.


4. Otero Grandal, L.: Castro... (partially obscured)

Otero Grandal, L.: Datas pezas lineas do Castro Coto de Mosteiro (Carballiño-Ourense), Boletín Auranse, 1987.

cia. Noacemento de Mosteiro apareceron na configuración das vivendas, restos de barro e vexetas entrelazados, o que nos indica que na construción daqueles non só se empregaba material pétreo.

Así mesmo, apareceron ganchos de herba de madeira e ramiños de man, mostra clara do coñecemento da agricultura (aspecto tamén explicábel polas óptimas posibilidades que lle ofrecía o val que o circunda) e restos de lardos, elemento básico da súa alimentación, dado que delas obtíñan o pan, despois de secalas, machacadas e moelas.

Pero sobre todo non pode esquecerse a importante actividade metalúrxica que en Mosteiro se desenvolvía, aplicada á elaboración de obxectos de adornos como agullas, fibulas, etc⁵. Tamén se atoparon achados relacionados coa artesanía do fiado. A cerámica ten moita similitude coa doutros castros, cos que hipoteticamente puido haber intercambio comercial.



Castro Coto de Mosteiro. Obxectos de adorno: fibulas.
Segundo L. Orero Grandal

5. Orero Grandal, L. - Contribución ao estudo de las fibulas del noroeste: las fibulas del Castro Coto de Mosteiro (Castellón-Oriente), *Boletín Arqueol.*, 1963.

Boletín do Centro de Estudos "Castro de Lousas", 1971, 1969

A romanización (I. a de. C.-V. d. de C.)

Non primeiro momento debe perdura-lo hábitat castreño como se pode ver no Castro Coto de Mosteiro onde apareceron fragmentos de tégalas, asas en orelleiras, fibulas anulares en omega, etc⁶.

Sen embargo a cultura romana foise impondo paulatinamente. Así os asentamentos de montaña substituíronse polos de chairas e vales fluviais. Un exemplo claro da influencia é o forno de cerámica e para queimar desta época atopado en 1928 no lugar onde se estaba a construír o Colexio Calvo Sotelo e camiñado por L. Cuvillas⁷.

Por outro lado é coñecido que Roma non desaproveitou as potencialidades das terras que suñs ígeu. Así en relación coa explotación de minas hai que citar os montículos e fochas da parroquia de Madarós, nos que se presume deben haber unha actividade mineira de certa importancia e o profesor Rodríguez Colmenero afirma que en Larouco (Lobos) houbo explotación aurífera.

Así mesmo algúns autores consideran que as augas medicinais das Caldas de Parrovia xa se explotaron polos romanos e de aí o topónimo.


Os romanos tamén deixaron as súas pegadas nas calzadas e camiños que comunicaban os seus centros de interese. Non hai moitos anos eran visibles tramos empedrados en Parrovia e Veiga⁸.

Recentemente atopouse no pobo de Cabanelas restos dunha columna que posiblemente formara parte dunha vila romana.

6. Orero Grandal, L. - *Castro...*, op. cit.

7. López Cuvillas, L. - *Un achado de arqueoloxía en Parrovia*, 1928.

8. Rodríguez Colmenero, A. - *La red viaria romana del sudeste de Galicia*, Universidad de Valladolid, 1971.



Forno da cerámica e pum quentiar de época romana, atopado no lugar onde se estaba a construír o Colexio Calvo Sotelo. Segundo I. Cuervillo.

O Medievalo (V-XV)

A maior proximidade no tempo facilita que sobre esta época xa se poidan máis datos sobre estes lugares.

Así, no que se refire á organización territorial, é coñecido que desde o século IX e ata o XIV-XV o territorio de Ourense como o de toda Galicia, atópase dividido nas chamadas "terras", que víñan a ser circunscripcións territoriais, o fronte das cales estaban duques, condes, tenentes, metinos, e que eran nomeados polo rei. A denominación de "terras" pervivirá na división territorial eclesiástica, desde o século XII ata o XIX.

Segundo as investigacións de Rubén García A., E. Duro Peña, Félix Villaverde ou Olga Gallego D., o que logo cos tempos sería o Carballiño incluína

Revista do Centro de Estudos "Clasico-Latinos" Nº 1, 1995

se dentro da terra de Castela, que xa se documenta desde o século IX. O nome proviñalla, ó parecer, dos numerosos castelos que existían nesta terra (Roucos, Rivadavia, Mota, Nôvoa, Pena Corneira, Orcellón, Castro Cavadoso, Boubro, Castro de Veiga, Cabanelas). Os seus límites chegaban polo leste ata o Barbantán e polo oeste collerín unha boa parte dos actuais concellos de Avión e Boborás.

Desta terra desprendínanse na 2ª metade do XII e 1ª do XIII a terra de Orcellón, a de Pena Corneira, a de Bolo de Senda e a de Avión constituíndose en circunscripcións distintas.

Foi algo habitual durante moitos anos afirmar que a terra de Orcellón era o nome co que durante a Idade Media se identificaba a actual zona de Carballiño. Hoxe en día a bibliografía máis documentada apuntan que o que se coñecía como Orcellón abarcaba desde finais do XII os actuais concellos de Boborás e Iríxo, e algunhas parroquias do actual Carballiño ubicadas na marxe esquerda do río Arenteiro (Longosiros, Mudelos, Veiga e Lubiás), separadas de Castela polo citado río, que facía de límite e da que se independizara en 1.173.

Desde o século XIV estas terras, condados e merindades, aínda que variábelos dabanos lugares a outros, son substituídos polos señorios xurisdiccionais.

Pola outra banda cando nos referimos a Idade Media nestes lugares resulta inevitable aludir a Oseira, que será o gran protagonista e o epicentro desde a fundación en 1.137 ata a desmortización da vida económica, social e relixiosa de toda a comarca. As enormes posesións que chega a acumular, sobre todo na 2ª metade do XII, XIII e XIV, as transformacións agrarias que provocou, os lazos de dependencia que se estableceron do campesiñado en relación ó mosteiro a través dos foros e outras fórmulas contractuais e o control xudicial e fiscal que exercen sobre estes, substituíndo ó poder rexión, marcaron profundamente o discurrir desta bisbarra na baixa idade media e ata o XIX.

O patrimonio orsuriense adminístrase tomando como base as granxas ou núcleos, ó redor dos cales exerce o control sobre os seus dominios próximos. Oseira posuía dous núcleos nestas terras: Sta. María de Arcos, e sobre todo, Santiago de Partovia, que, a xulgar pola documentación estudada por Miguel Román, debeu ser unhas das granxas máis prósperas do dominio. Hoxe en día quéñanos a testemuña na rectoral de partes arquitectónicas de canóns foros priores e residencia dos monxes cistercienses. En dependencia a esta granxa víñanse varios lugares: Covelo, Farnia, Señorín, Banga, Sagra, S. Félix de Varón e moitos outros lugares do contorno⁹.

9. Gallego D., Olga: La organización administrativa eclesiástica en la antigua provincia de Orense a mediados del siglo XVIII, 1988.


10. Román M., Miguel: El monasterio cisterciense de Sta. María de Oseira, estudio histórico (1.137-1.311), Universidad de Santiago, 1989.

Román M.M.: La Colección Diplomática de Sta. María de Oseira (1.025-1.311), Santiago, 1989.

Por outro lado huxe en día e gracias as investigacións de Elisa Ferreira P. cóñécese as rutas e camiños que xa existían na Idade Media, e que poñían en comunicación os homes do campo cos pobos".

No lugar que nos ocupa, sinala as seguintes rutas que a cruzaban: unha procedente do Riñeiro, pasaba polo Varón, Porto de Eguas e Partovia, para desviarse logo polas Caidas e Lobuda cara a Dacón, Boio de Sonda, Coa e Oseira. Outra, proviña de Pontevedra, Parásio, Xendivo, Xurenzais e Asturoses, entraba nos límites do actual Carballiño por Veiga, cruzaba a súa ponte medieval (que aínda se conserva), e dirixíase cara a Dacón, Maside e Ourense. Haba un terceiro camiño que desde Burel e Xivacoas (probable capitalidade de Orzellón) chegaba a Pontaniza, atravesaba a súa ponte (tambén medieval), discorrendo logo por Boureiro e Mesego para bifurcarse cara a Veiga e Partovia.

Tamén acostuma citarse na bibliografía a ponte medieval de Castro Cavadeiro que comunicaba as terras de Orzellón con Bauga, Cabanelas, Sagra e Mesego.



Mapa de camiños medievais. Elaborado a partir de E. Ferreira P.

11. Ferreira Domínguez, Elisa. Los caminos medievales de Galicia, Rueda de Galicia, 1988.

Revista do Centro de Estudos "Oslerio Lourenço" Nº1, 2009

LABREGOS E TRATANTES NA TERRA DE ORCELLÓN: un exemplo de adaptación do campesiñado galego ó Capitalismo, 1880-1960¹

Raúl Soutelo Vázquez

Introducción: plantexamentos metodolóxicos e interpretativos

O desenvolvemento das sociedades e sindicatos profesionais agrarios ten sido obxecto de estudo e interpretación como consecuencia marginal ó abeiro dos procesos de modernización conformadora dos mercados urbano-capitalistas logo da crise dos oitenta. Fenómeno alieo á sociedade campesiña galega pero que lle importará novos guieiros adaptativos ata a desfeita do tecido societario labrego no 1936 e de subordinación logo, ata chegar a "bonsuización" desvirtuelladora do *modus vivendi* e da economía campesiña que estamos a presenciar desde os anos setenta.

Intentamos empregar unha *metodoloxía ecléctica e interdisciplinar*² que respostase tanto ós imperativos e lagos documentais como a nosa inquecianza por

1. O presente artigo é un estudo temperán da Memoria de Desenvolvemento Agrario *Labregos e Tratantes na Terra de Orzellón, 1880-1950* que o autor está a realizar como bolsista Predoctoral do Consello de E. e C. U. da Xunta de Galicia no Área de FF. CC. e Humanidades da Fac. de Humanidades de Ourense, dirixido polo catedrático D. Jesús De Juan.
2. Como aprendizaxe da ciencia social, poñendo que os muros artificiais entre a Historia, a Antropoloxía e a Socioloxía, así como os muros interdisciplinarios. Apoio por unha Ciencia Social interdisciplinaria e integradora en métodos de análise e técnicas interpretativas, na perspectiva de *Jordi Enxesta* Histórica que sexa quen de reconstruímos as nosas identidades colectivas por nos mesmos como fillos dun país de labregos con pasado recente secularizado durante o século XIX, pero que aínda viva nos marcos de vida dos hábitos e sucesos dos labregos galegos. Nunca correste "sin historia" que foi quen de protagonizar a súa propia historia a cabalo entre *1900* e *1950* nos seus rebeldes primitivos e mudos sindicatos.

artellar o cosmos interpretativo da "escola de H", social-agraria" de R. Villares⁴, as recentes aportacións feitas dende a uniformizante «teoría da modernización» en H social i económica, na microhistoria⁵ e cunha renovada H política, revalorizada dende o ensaio prosopográfico inserido nas complexas e mudantes estruturas económicas, sociais e políticas da Galicia rural de anteguerra. Derribados pois, os muros do burdo determinismo economicista, tentaremos mergullarnos na procura empírica dos colectivos humanos que co-protegonizaron a súa historia. Velaquí o senso do debate interpretativo -xa longo de máis- arredor da "adaptación" ou "subordinación dependente" do campesinado na sociedade urbana e capitalista que devíña dominante dende a charnela do século que estamos a rematar.

- ciudad operaria urbana. Como ejemplo de manifiesto intelectual posumo en favor dicha historia que ocupará a su perdida suiza según atiendan los problemas reales de los hombres y mujeres de. THOMPSON, E. P. (1991): *Costumbres en tomate*. Crítica, Barcelona.
- Como modelo de investigación en H social-agraria que integra brillantemente a metodoloxía rural antropolóxica de traballo de campo baseado na observación participante e na localida sistemática de documentación oral co *weihnachtliche* interactiva dos ruralistas composteláns, cfr. GARDÉSIN DIAZ, J. M. (1992): *Trono, trabajo y reproducción social en una aldea gallega (ca. XVIII-XXI: muerte de unos, vida de otros)*. S.G.T. do M.A.P.A., Madrid.
3. Cfr. QUINTANA GARRIDO, X. R. (1992): "Campesinos que se adaptan y agricultura que se mueve, de la III. agraria de la Galicia medieval a la actual" in *Asnos*, n.º 12, Murcia, pp. 147-165.
- VILLARES PAZ, R. (1992): "La agricultura gallega contemporánea (1850-1936): permanencias y cambios" in *Asnos*, n.º 12, pp. 37-49.
4. Cfr. HERVÉS SAYAR, R. (1993): "A propósito del conflicto antifranquista en la Galicia del primer tercio del siglo XX. Asociacionismo agrario y realidades campesinas" in *Asnos: estructuras agrarias y conflictividad*, n.º 13, Murcia, pp. 55-73.
- Na mesma liña interpretativa está o excelente traballo de DOMÍNGUEZ MARTÍN, R. (1992): "Campesinos, mercado y adaptación. Una propuesta de síntesis e interpretación desde una perspectiva interdisciplinar" in *Noticias de H. Agraria*, n.º 3, Murcia, pp. 91-130.
- Para rematar, ARTIAGA REGO, A. e BAZ VIKENTE IRI, J. (1993): "Os estudos do H social-agraria de Galicia contemporánea, 1982-1992. Balance dundo desá" in X. OLIV. BERAMENDI (ed.): *Galicia e a historiografía*. Santiago de Compostela, colección *Saxum*, n.º 5, ed. pp. 275-302.
5. Cfr. nota 8 na p. 3.
6. Cfr. DE JUANA, J. (1995): "De Galicia local: H regional e H local" in C. BARRIOS (ed.): *A Historia e debate*, vol. 3.º. *Microhistoria gallega*. Santiago de Compostela.

Revista do Centro de Estudos "Osleros Lemos" nº1, 1999

1. Os grandes procesos de cambio no mundo rural galego da Restauración: modernización técnico-productivista das explotacións, dinamización social e conflictividade política

Compre delimitar significativa i espacio-temporalmente os procesos históricos que constituen o noso obxecto de estudo:

Caracterizamos como «transformacións» os procesos, cualitativamente novos, de modernización económica, cambio social e dinamización ideolóxico-política dos sectores máis dinámicos do campesinado que procuran no asociacionismo agrario os mecanismos para inserirse nos mercados capitalistas de produción e máis de obra, en condicións que lle permitan a súa reprodución social como clase vencellada ó principal factor de produción, a terra⁶.

Á *crise agraria finisecular*, provocada pola chegada masiva das carnes e grans dos países agroexportadores de alén mar, determinou a caída dos prezos e consecuentemente, a fin da funcionalidade económica das rendas forais como principal mecanismo de extracción do excedente(?) campesino prós propietarios realdistas que dende o pazo, os negocios vilagos e o control das metraxes esferas de poder público, estaban a renovar o seu status privilexiado nunha sociedade galega en transformación. A *oligarquía cerealeira-financieira* que hexemonizaba o Turismo dixístico impón *aranceis proteccionistas* que encarecen a merca de insumos imprescindibles para a relativa modernización técnico-productivista da agricultura galega, nomeadamente dos sectores vitivinícola e gandeiro-pratease.

A *descapitalización das explotacións campesinas galegas* -determinada pola usura, a sobreparcelación minifundaria e a compartimentación fiscal da propiedade, foi a principal eiva estrutural a cagadirle ós *aranceis sociais* (ideoloxía "realista" tradicional herdada dunha fidalguía e clero anclados nun solpor barroco de solainas pascegas e priorados que frean as mudanzas nas mentalidades colectivas) e *políticas* (élites locais integradas por propietarios, cregos, mestres, médicos e funcionarios municipais que secuestran a representación política do campesinado a través da intermediación caciquil con técnicas de control electoral e da máis de obra nunha sociedade rural desvertebrada. Atrancando a conver-

6. *Procesos interaccións "clásicas" da New Social History británica, recollidas en HOBSBAWM, E. J. e ALAN, H. (1976): Las campesinos y la política. Los clases campesinas y las luchadas por los recursos. Anagrama, Barcelona, impúñese nas áreas e nove na súa súa súa, súa a da modernización. Cfr. T. CARNEIRO ARBAT (ed): (1992): *Modernización, desarrollo político y cambio social*. Alianza Universidad, Madrid. MICH. BERNAL, A. (1990): "Cambio Económico y Modernización Social, 1850-1936" in *H. Contemporánea, cambios sociales y modernización*, n.º 4, Murcia, pp. 173-184.*

sión das "amorfias" masas labregas en "clase para si", concienziada dos seus intereses e necesidades e debuzada na procura de estratexias para acadar unha mellora do seu status na dialéctica social das fraccións de clases dominantes". O «Goberno Longo» de Sagasta abre as canles participativas da Restauración nas Leis de Asociacións (1886) e de Sufraxio Universal masculino (1889) que converteon as masas labregas ate entón esquecidas, en destinatarias principais das mensaxes políticas das élites de poder ou dos representantes das fraccións da clase media urbana que aspiran a exercelo patrimonializando discursos e cretinizaciónista e costista-rexeneracionistas.

Mergullado nos complexos procesos de adaptación productiva e autoorganización societaria, sempre intermediada dende grupos sociais e ideoloxías externas pero que o representan no político, o campesiñado galego debuzase a partires da derradeira crise de subsistencia que padecer o noso agro (1851-1853)⁷ na emi-

7. Eis unha evolución da Epístola de Marx que conoñía o campesiñado como un tipo de patacas incapaz de autoorganizarse dándose de límites propios. Así como a priorización, todo que con todo elaborado, que dou para un des maior interese nos debates historiográficos deste século, no que se mergullaron sociólogos, etno-historiadores e historiadores da sociedade e da economía. Cf. T. H. ADIGON e C. H. B. PHILIPIN (eds.), (1988): *El Debate Breves. Estructuras de clases agraria y de desarrollo económico en la Europa preindustrial*. Crítica, Barcelona.

CHAYANOV, A. V. (1966): *The Theory of Peasant Economy* (Las traducciónes en español).

GALESKY, R. (1977): *Sociología del campesinado*. Paidós, Barcelona.

FDEZ. PRIETO, J. (1994): "Transformacións agrarias e casei social en la Galicia rural contemporánea" in *Revista D'Historia Agraria*, nº 10, pp. 3-25. Escalante e estudos de pouteira "Crisis" agraria finisecular y adaptación de la evolución del campesinado galego", presentada con Villares no congreso «Crisis Agraria e casei social en Europa, 1880-1913», Institut Universitari D'Historia Jérome Vicens V. Universidad Pompeu Fabra, novembro de 1991.

PÉREZ TOURJÍN, R. (1983): *Agricultura y campesinado. Análisis de la pequeña producción campesina*. S.G.T. del M.A.P.A. Madrid.

(1993): "La cuestión campesina en Galicia" in E. SEVILLA GUZMÁN (coord.): *Setecientos años de campesinos. Estudios de Sociología Rural de España*. Dp. 273-307.

(1986): "A evolución da Agricultura no Capitalismo: a conceptualización dos clásicos do Marxismo como paradigma dunha visión determinista do desenvolvemento histórico" in *Revista galega de estudos agrarios*, nº 7, pp. 182-206. Santiago de Compostela.

RHODES, R.: *Peasant society and culture*. Chicago, 1962.

SHANIN, T. (ed): *Peasants and peasant societies*. Penguin Books, 1971. (hay trad. en castelán).

SEVILLA GUZMÁN, E. (1979): *La evolución del campesinado en España: elementos para una sociología política del campesinado*. Dls. Paidós, Barcelona, 1979.

(1983): "El campesinado: elementos para su reconstrucción teórica en el marxismo social" in *Agricultura y Sociología*, nº 27. S.G.T. del M.A.P.A. pp. 43-70.

SA. GLEZ. DE MOLINA (coord.): (1984): op. cit. Madrid.

(1991): *Evolución, campesinado e Historia*. Madrid.

WOLF, E. R.: *Los campesinos*. Labor, Barcelona, 1982.

Máis para chegar o coñecemento dunha datación máis precisa na igrexa de Astureses, é necesario ter en conta as influencias ou escolas renovadoras, que incidan nos seus elementos decorativos ou esquemas arquitectónicos. Agora ben, a tenor do exposto anteriormente, se admitimos que certos elementos como os florós entre canchóns do quitachoiva da portada principal ou os que aparecen no alero do ábside, son de clara filiación marcana, estas formas non se divulgan no campo rural hasta os últimos anos do século XII. As obras do mestre Mateo realízanse na catedral de Santiago hacia 1168 e tardan uns vinte anos en desenvolverse², polo que o momento do seu impacto en Astureses non debeu de producirse antes de 1190.

Por outra parte, a organización do tímpano da portada principal, parece ter ascendencia na porta norte da Catedral de Lugo. Izquierdo Perrín, na obra "Arquitectura románica en Lugo", considera a estas igrexas, con semexante esquema, de cronoloxía avanzada: finais do século XII e primeiros anos do XIII; a igrexa de Portomarín esta datada en 1185 e a de San Pedro de Bemibiro en 1191³.

É notorio sinalar á orden do Císter, como inicio desta etapa de cambio na nosa rexión⁴, así como tamén a súa influencia nas igrexas de cronoloxía tardía na comarca de Carballiño. Agora ben, a abacial de Oseira finaliza as súas obras entre 1183 e 1199, máis exactamente en 1185⁵, coincidindo co remate das mesmas na

2. BANGO TORVISO I.G. - "La arquitectura románica en Potevedra". Fundación Barrié de la Maza, La Coruña 1983, pax. 86 e 87. Señala este autor que el ociren destas formas está na súa cisterciense. O nome atribuído a inicio desta etapa de cambio.
3. BANGO TORVISO I.G. - En obra citada anteriormente, pax. 87 e 88. Aínda que Bango Torvís, estuda a arquitectura románica en Potevedra, é significativo o feito de que a igrexa de Carbociro, según sinala, seña a primeira que se alíante a estas formas renovadas, en torno a 1170, non só na esta provincia, senón na rexión.
4. BANGO TORVISO I.G. - En obra citada anteriormente, pax. 89. Simila este autor que as influencias de mestre Mateo "son os temas decorativos de Barcos e rolla enmestas os que máis transcenden".
5. VALLE PÉREZ J.C. - "La arquitectura Cisterciense en Galicia". Barrié de la Maza, La Coruña 1982, pax. 124, di que as intervencións tanto constructivas como ornamentais, introducidas polo mestre Mateo desde 1168, estendense e imponen con máis forza nos últimos anos do S.XII e primeiros do XIII.
6. IZQUIERDO PERRÍN R. - "La arquitectura románica en Lugo". Barrié de la Maza, La Coruña 1983, pax. 95-101. "A datación das obras que renovan a tales impulsos, parece situarse en veintio anos máis tardíes, hacia finais do século XII e primeiros anos do XIII". A igrexa de Bemibiro datada en 1191, pax. 99. A de Portomarín en 1185, pax. 110.
7. BANGO TORVISO I.G. - En obra citada anteriormente, pax. 86 e 87.
8. VALLE PÉREZ J.C. - Obra citada, pax. 122 e 125. Estudo da cronoloxía da igrexa de Oseira e da Catedral de Ourense.

catedral de Ourense, a que se data en fecha de 1188. O quedar a igrexa de Astureses baixo o potente foco de divulgación de ideas renovadoras de Oseira, non debeu rematar as súas obras antes de 1190.



Fachada principal de San Xosé de Astureses

Do estudo que Izquierdo Perrín fai das igrexas na diócesis de Lugo e se organizan con contrafortes exteriores nos muros laterais das naves, conclúe que todas elas pertencen a unha cronoloxía avanzada: San Cristóbal de Novellón datada en 1182, San Martín de Ferreira en 1177, San Pedro de Bemibiro en 1191, Santa María de Herraín en 1187.

Con datos expostos nestes templos con organización e esquemas, que podemos relacionar coa igrexa de Astureses, aparte de outros temas ornamentais tales como a decoración con rinceps encadenados ou os axedrezados perfilando as arcadas de portas e xanelas, ás que se atribúe unha cronoloxía tardía⁶, penso que este templo pode datarse en 1190.

8. IZQUIERDO PERRÍN R. - Obra citada, páx. 65, 113, 105, 38. Estuda os templos con contrafortes exteriores dos muros laterais. Sinala o autor que son templos dunha cronoloxía avanzada.
9. IZQUIERDO PERRÍN R. - Obra citada, pax. 101. No análise da igrexa de Bemibiro afirma que "O orden da cobertura do arco triunfal, se decimon dúas molduras superpostas no primeiro lugar rinceps encadenados, a tales rinceps sigúelle rinceps en danca... a ponzución de rinceps motivos non é habitual, e os rinceps aparecen sempre en obras de cronoloxía avanzada, como demostra este edificio datado en 1191".

ESTUDO DA IGREXA

A PLANTA

A igrexa de Astureses, sitíase no lugar de Outeiro. O terreo, presenta un lixeiro desnivel, sendo máis elevado no punto donde se sitúa a cabeceira. Este desnivel, sálvese na nave, mediante a construción de un banco de fábrica donde se apoian os muros, alcanzando na fachada occidental 80 cm de altura e cara o arco triunfal 40 cm., desaparecendo entre os escalones que dan paso o presbiterio.

A planta dispónse de este a oeste, seguindo a habitual orientación litúrxica. Consta de nave e ábside únicos.

A nave, de forma rectangular, se cubre con techumbre de madeira a dúas augas, apcada en tres arcos faixons de medio punto, que a dividen en catro tramos de 2,75 cm. cada un. Mide 11,03 m. de longo e 5,65 m. de ancho, sendo a lonxitude o dobre da anchura. A súa altura, hasta a cornisa dos capiteis, é de 6,47 m. equivalente ós dous tercios da lonxitude, mentras que o intradós da clave dos arcos faixons, se eleva a 9,21 m.¹⁰

Nos muros abrense dous vanos para dar entrada o interior da nave; un no terceiro tramo do muro norte e outro na fachada occidental. No segundo e terceiro tramo de cada muro lateral, dous pares de saeteras, aproximadamente no terzo superior, para dar luz o interior do templo. Igualmente sucede no muro diafragma, por encima do arco triunfal e no muro oeste, donde se atopa a portada principal, cunha xanela en cada un deles.

O ábside é semicircular, precedido dun tramo recto cuberto con bóveda de cañón agudo, pechando un hemiciclo con bóveda de forno. Este esquema é moi divulgado durante o século XII e primeiros anos do XIII¹¹. A profundidade total do ábside é de 4,58 m., cunha anchura de 4,47 m., exactamente igual que a altura hasta a cornisa dos capiteis do arco triunfal. A altura hasta o intradós deste último arco é de 7,24 m. No hemiciclo abrense tres xanelas, unha por cada lado, con organización completa; outra no centro, que pertenceve tapiada polo actual retablo.¹²

10. CHAMOSO LAMAS M.- Estas medidas están tomadas de libro deste autor "Galicia románica", Ed. Zedlaco, 1973 pág. 323-326.

11. BANGO TORVISO I.G. En obra citada, págs. 21 e 22. Das 49 igrexas románicas que de este autor para a provincia de Ourense, 30 delas teñen ábside rectangular e solamente 13 con ábside semicircular. No comarca de Carballo e en Galicia concretamente no municipio de Boboás, atópase esta organización a tres igrexas: San Xulián de Astureses, San Martiño de Comelxo e a Parroquia de San Salvador de Pinos de Azañeira. Idem obra cit. pág. 31, nota 3.

12. CHAMOSO LAMAS M.- Estas medidas están tomadas de libro de este autor "Galicia románica", Ed. Zedlaco, 1973 pág. 323-326.

Além a configuración primitiva do ábside unha sacristía adosada o muro sur da cabeceira.

Este esquema de planta é moi utilizado nas igrexas románicas de Galicia. O seu orixe se remonta a simplificación da basílica romana¹³. Pero a igrexa de Astureses, presenta unha estrutura máis complicada do que soe ser habitual en outras igrexas do noso país, debido a amplitude de proporcións. Si a lonxitude interior de 15,61 m. que alcanza desde o imafrente o eixo do muro posterior, lle sumamos os 0,90 m. de espesor da porta principal, a igrexa ten un longo total de 17,91 m., sen ter en conta o espesor dos contrafortes. De igual maneira sucede ca anchura. Si o ancho interior da nave, se lle suma 1,80 m. de espesor dos muros laterais (0,90) en cada muro, resulta unha anchura total na nave de 7,45 m. con un alto de 9,21 m.

Esta estrutura, require o uso de contrafortes exteriores nos muros laterais da nave, para dotala de maior estabilidade, máxime cando no proxecto estaba a idea de cubri-la nave con bóveda de pedra. Con esta amplitude nas proporcións, se rompe a horizontalidade, tan característica da traxectoria dos templos románicos, dando paso a un movemento ascensional e máis vertical, que se desenvolverá plenamente nos primeiros anos do século XIII co estilo gótico.

Vázquez Núñez, respecto á estrutura escribe: "Nesta igrexa do máis puro gusto románico en canto á forma do arco en portas e xanelas, o mesmo que na súa ornamentación. Non así no relativo ós procedementos esenciais da construción, nos que se ven os ensaios e tanteos que constituirán a transición ó estilo oxival, impostos, máis que por obedecer a unha orientación artística, pola necesidade de buscar solución a importantes problemas constructivos"¹⁴.

O INTERIOR DA IGREXA

No interior da nave, os muros se levantan sobre un banco de fábrica, cunha arista tallada en buecel provocando unha pequena media caña, que se estende ó longo da nave. No primeiro e cuarto tramo dos muros laterais, se configura un gran lienzo liso que lle dá aspecto de gran altura e verticalidade. Non así no segundo e terceiro, donde se abren sinxelas xanelas con pronunciado derrame cara adentro. Cobíxanse baixo un arco de medio punto, vultando directamente sobre as

13. ZEVY BRINDO.- "Sobre la arquitectura". Ed. Poseidón, Barcelona 1981, págs 82 y segs. De este autor: "...se compararon unha basílica romana, por exemplo a de Trajano, e unha das novas igrexas románicas, como Santa Sabina, atopamos relativamente poucos elementos diferenciadores, aparte da escala".

14. VÁZQUEZ NÚÑEZ A.- "H.C.M.D." DOS IGREXAS DE LOS TEMPLARIOS (Astureses y Melón) vol. II, (1902-1905), pág. 255.

xambas sen imposta. Permanceon lisos, tallando os seus bordos en aristas vivas. Outro vano de este tipo, se abre no muro do testeiro apeado no arco triunfal, igual que no centro do hastial do muro occidental, se rasga con outra xanela con idénticas características ás descritas nos muros laterais.

Os vanos das xanelas descritas, non conservan a súa forma orixinal. En 1752 sufriron ampliacións por mandato do prior da igrexa, Fray D. Joseph Felipe Bermúdez de Castro, debido a que o interior se facía demasiado escuro. A cinco de elas, fixéronse rexillas de ferro, que aínda conservan algunhas¹⁵.

A entrada ao templo, resólvese por medio de dúas portas situadas no terceiro tramo do muro norte e pola fachada occidental. Organízanse mediante un arco de medio punto en arista viva, que se apoia directamente nas xambas, igualmente en aristas vivas.

A nave queda compartimentada en catro tramos por tres pares de columnas sobre as que voltean arcos de medio punto, de sección rectangular e arista viva. Unense ás súas respectivas columnas mediante imposta de perfil liso, que se prolonga por todo o longo do muro, servindo de apoio o arranque da bóveda ca que se intentou cubrir a nave. As columnas, despedazadas en 13 semitambores, permanceon entebidas nos muros, coincidindo aqueles, cos liños dos sillares do paramento interior. As bases se apcan no banco de fábrica. As súas características son de perfil ático, combinando as molduras en toro, ascocia e toro, sendo esta última máis desenvolada¹⁶, dispoñéndose sobre plintos paralelepípedos lisos, ás que se unen mediante garras, en forma de bulbos.

Os capiteis son de formas variadas predominando os de tipo vexetal. Dos situados no muro norte, o primeiro está formado por follas planas, moi pegadas, de perfil recortado e nervadas, desenvolvéndose en pequenas volutas nos extremos; o segundo presenta un entrelazo de tallos anillados, desenvoltos en volutas nas esquinas, sobre as que se desenrolan outras de menores proporcións; o terceiro e máis cercano ó arco triunfal, orgázase con un entrelazo de cintas, que na súa terminación se entroscaen, formando espirales. Polo lado sur, o primeiro presenta un entrelazo de tallos anudados dos que colgan follas moi estilizadas, con incisuras a modo de nervos; o central, orgázase con entrelazo de cintas, que na súa terminación entroscaen formando espirales; o terceiro, con esquema formado por

15. ARQUIVO PARROQUIAL.- Libro de Visitas, primeiro de Casados, ano 1678. Hai un aza firmada polo Prior D. Joseph Felipe Bermúdez de Castro, na que foi censur que "se abieron vidrieras a todas las ventanitas de la iglesia y se abieron por un pedrero las torcigueros". O custo desta reforma alcanzou 150 reales de vellón. A conta da Colexión de San Bartolomé, se pagaron 110 reales, e os outros 40 salían da venta dun cento vello de lana, que no servía para o seu uso.

16. VÁZQUEZ NUÑEZ A.- Obra citada, p. 387 de "As bases son moi sinxelas, e están formadas por un basel, un equino e o plinto, reforzadas con garras nos ángulos".

óvalos entrelazados, a modo de círculos secantes, provocando entre estes e o astrágalo unha escotadura lisa e bastante pronunciada. Os capiteis están compostos por un astrágalo, a modo de basel sobresaiute, unha costa de forma tronco-cónica e un cimacio sin ornamentar recortado na nacela.

A nave elévase a maior altura que o ábside. Cóbrese, na actualidade, con armazón de madeira e dúas augas. Na súa orixe houbo un intento de cuberta con bóveda de pedra, como o testifican as seis liñas de sillares, que todavía se conservan a ambos lados, iniciando a curvatura. No se coñecen as causas polas que se levou a cabo a suspensión deste proxecto primitivo quizais fora por un erro de cálculo na resistencia, que había de opoñerse ó empuxe exercido pola bóveda, o cal non é extraño e tratarse dun edificio construído naba época de ensaios e tanteos, constituíndo un arduo problema na arquitectura románica de finais do século XII.



Vista panorámica do Ábside semicircular de San Xosé de Astures.

Sen embargo, Vázquez Núñez sostén que a cuberta primitiva foi con bóveda de canón agudo. Di: "Ainda se conservan as primeiras liñas dunha bóveda de canón, ca que primitivamente estivo cuberta, a cal, naba época que non coñecemos, foi preciso desmontar por presentar sinais de inminente ruína. Polo mesmo

motivo, houbo necesidade de modificar a curvatura dos arcos transversais, sobre os que hoxe descansa a armadura do tellado¹⁷.

A miña opinión, é que este proxecto primitivo non se levou a cabo, debido a que o espesor dos muros, así como o dos contrafortes que se levantan dónde cargan os arcos faixons, non son suficientes para soste-lo peso, nin o empuxe dunha bóveda das dimensións da nave. Ademais si este proxecto se houberse levado a cabo, e logo se houberse desmontado por ofrecer perigo, ou ben a bóveda se vifera abaixo por outras causas, entón quedarían restos da mesma tanto no hastial do muro occidental, como no testeiro, pero non se atopa resto algún.

Dentro da nave da igrexa, consérvase unha tribuna de madeira de castuño, que luxicamente non é a primitiva. Pero si houbo unha tribuna anterior, bastante máis estreita e elevada ca actual. Aínda se conservan nos muros laterais os buratos d'onde se empotraban as vigas que sostían o armazón. A substitución desta primitiva pola actual, levouse a cabo en 1752, no mesmo ano en que se ampliaron os vanos das xanelas. O prior Bermúdez de Castro mandou conpoñer a tribuna e facer unhas novas escaleiras xunto a porta principal¹⁸. Estas escaleiras son de pedra de granito dunha sola peza e ben labradas. Permanecen adosadas o muro occidental. Adosadas o muro sur, continúan outras de madeira de castuño, que soben hasta a tribuna.

Entre as escaleiras, no outro lado da porta principal, está ubicada a pia bautismal. Presenta forma de copa, adornada o exterior con estrías helicoidales. Ten bastante capacidade e péchase con tapa de madeira.

Entre 1763 e 1775 houbo outras grandes reformas no interior da igrexa. Se reformaron as gradas da nave que dan acceso o presbiterio. Mandouse facer a porta de madeira pola entrada principal. Tamén se refacía a cuberta de madeira, que estaba en estado ruinoso¹⁹. O batidosado da nave mandouno reformar o Vicario

17. VAZQUEZ NÚÑEZ A.- *Obra citada*, págs. 387 e 388. O refacido é principio aplicado polos mestres románicos da Borgoña, para solucionar o empuxe exercido polas bóvedas de pedra de "O construtor de igrejas e de Asm. estes católicos e apóctos na sua principio, tanto o dimensão e pequena labrada do presbiterio; para non poder evitar, quívix por algún erro de cálculo, que a da nave, de moitas mazoas repeticións, se vifese a terra, si non foi ocasionado o sinistro por máis que outra causa desconhecida".

18. ARQUIVO PARROQUIAL.- Libro de Visitas, primeira de Casados, ano 1670, folla 200 e seq. O dato de mandar facer novas escaleiras xunto á porta principal, demostra que anterior a esta reforma, se subía a tribuna por outras adosadas ó muro sur, lado oposto ás xanelas, d'onde se conservan aínda algúns ferros na parede, que sostín a escaleira. O custo deste traballo alcanzou a suma de 150 reales de vellón e cesta de aforro de San Bartolomé.

19. ARQUIVO PARROQUIAL.- Libro de Visitas, primeira de Casados, ano 1670, folla 21. Os custos por esta reforma están contabilizados polo prior D. Luís Blanco Rodríguez e foron os seguintes:

Compoñer e arranzar as gradas, que dan acceso ó presbiterio.....12 reales.

Facer a porta para a fachada occidental e madeira.....53 reales

Impoñer da tella para a cuberta e seis días de xurais por os obreiros.....92 reales.

Xeral Fray D. Francisco Pérez de Balboa da Encomenda de Pazos de Arenteiro por leparse moi deteriorado²⁰.

A nave separase do ábside, mediante un muro de peche, que forma un codó de 63 cm. Accedese por unhas gradas escalonadas de pedra, cubertas de madeira. O tramo recto do ábside ó presbiterio, d'onde se atopa a capela maior, estaba máis elevado en 1784. Nese ano, o prior D. Luís Blanco Rodríguez, mandou rebaxar o chan e as sepulturas que alí había, para colocur o retablo actual²¹. Este tramo, queda flanqueado a occidente polo muro de peche da nave e polo arco triunfal. A oriente por un codillo de 32 cm, que inicia o hemiciclo. O piso está cuberto de madeira.

O arco triunfal é apuntado e doblado. O menor componse de 30 dovelas, de sección rectangular en arista viva, que volta sobre un par de columnas entregas, despedazadas en sete semitamboras lisos, cuxa altura correspóndese cas fiadas horizontales do muro no que se embeben. As basas levantanse sobre un baco de fábrica en arista viva, de unhas 0,40 de alto, que recorre os muros laterais do tramo recto. A da direita reitera o esquema ático, co tero inferior moi desenrolado; decora a esencia con estrías refundidas. A da esquerda, presenta dous toros, amplamente desenrolados en detrimento da escocia intermedia. Dispóñense sobre plintos lisos, sin decoración e retados en arista viva.

O capitel direito, desenrola un tema moi divulgado no románico rural: unha figura humana entre dous cuadrúpedos afrontados. Un home, que se apoia no astrágalo, con tábica larga, estende os seus brazos sobre a cabeza de dous leons. Istos con fauces entreabertas, apoiados igualmente no astrágalo, levantan unha pata para suxeitar o corpo da figura humana. Causa sensación desmesurada lonxitude dos brazos do home e as pernas dos animais. O capitel presenta unha labra tosca, pero a imaxen é moi expresiva. O tema é moi coñecido: liña do home contra o pecado, ou ben, o home dominado polas paixóns²². O capitel esquerdo, componse dunha cesta de follas picudas, nervadas e marcado refundido central, moi separadas da cesta nos extremos.

Os cimacios, en challán recto, decoranse con rombos encastados, propios de edificios de cronoloxía tardía. Impostanse o longo dos muros do ábside, servindo de apoio e arranque á bóveda do presbiterio.

20. ARQUIVO PARROQUIAL.- Libro primeiro de Cofradías, ano 1670. Visita do ano 1830 á igrexa parroquial, realizada por este Vicario Xeral da Encomenda de Pazos de Arenteiro.

21. ARQUIVO PARROQUIAL.- Libro de Visitas, primeira de Casados, ano 1670, folla 21. O impoñer para rebaxar o chan da capela maior e as sepulturas, está contabilizado ca suma que firmo o prior D. Luís Blanco Rodríguez, ascendendo o actual dos comos a 22 reales de vellón.

22. VAZQUEZ NÚÑEZ A.- *Obra citada*, pág. 387. Describo desta maneira o capitel direito: "Se ve una figura de hombre en cuyo pecho apoyan sus patas dos monstruos, arriba muy repulida por aquellas artinas y que parece simbolizan el hombre dominado por las pasiones y los vicios".

A dobladura do arco triunfal, apoiase no muro de peche da nave, mediante imposta, decorada con volutas encadenadas, que é prolongación dos cimacios dos capiteis nos que se apoya o arco menor. As aristas se perfilan, a menor con groso haquetón e a exterior cunha franxa axedrezada de cinco tacos. Entre ambas molduras, se provoca unha escotadura moi destacada.

No muro sur do tramo recto, abriuse unha porta para dar entrada á sacristía, que se mandou construír en 1830 polo Vicario Xeral Fray D. Juan Francisco Pérez de Balboa²³. O vano cobíxase baixo un dintel lineal, apoiado directamente nas xambas, rematadas en arista viva. Para abrir a porta, foi necesario cortar o banco de fábrica que recorre o muro lateral.

O tramo recto cúbrese con bóveda de cañón apuntado, seguindo a directriz marcada por un arco triunfal. Dispónse en fiadas de pedras graníticas, alineadas horizontalmente, cós xuntas esmeradamente coidadas.

O hemiciclo, iniciase nun canillo que o estreita, en relación ó tramo recto. Remata a súa arista nun groso haquetón, que provoca unha media caña intermedia, e recorre todo o fronto absidial, configurando unha especie de arco laición sobre pilastras. Cúbrese con bóveda de forno, con pedras graníticas e xuntas cuidadosamente despostas, igual que sucede no cañón do tramo recto.

Sobre o muro do hemiciclo, a uns dous metros do chan, ábense tres xanelas con organización completa. Configúranse arcos de medio punto e doblados. Os arcos menores voltean directamente nas xambas, tallando os seus bordes en arista viva.

A xanela central do ábside, tapouse ó construírse o actual retablo do presbiterio, polo que non podemos dar detalles da mesma. A situada no muro norte, parece que non conserva a súa forma primitiva, mentras que a do muro sur, amplíouse o vano en 1830 polo mandato do Vicario Xeral Pérez de Balboa, en visita pastoral a igrexa²⁴.

23. ARQUIVO PARROQUIAL.- Libro primeiro de Ofradas, ano 1670. Visita de ano 1830 á igrexa parroquial. No Auto de Visita ocorre o seguinte: "Se halla sin sacristía, ni se le conoce que jamás la haya tenido, por falta de cosa ocupan el cuerpo de la Iglesia varias capotas, arcas y otros utensilios, que debían estar en aquella. Su falta proporciona a los fieles falta de comodidad para oír misa y además contribuye a incrementar la vanidad de los sacerdotes junto a ella".

24. ARQUIVO PARROQUIAL.- Libro primeiro de Ofradas, ano 1670. Visita do ano 1830 á igrexa parroquial. O Vicario Xeral ordena ampliar o vano das xanelas. No Auto de Visita escribese: "Ha notado su Merced, que la Iglesia es muy oscura, debido a que no tiene blando elgado y de dado uso y material más negro que por lo interior las imágenes o fragancias, que conserva aún de su antigüedad, pues parecen más de un milagro, así como cosas que están suficientemente claras". Di o Auto, que os maimelos conservan o chan a súa antigüidade. Refírese aquí as tres xanelas do ábside, posto que as xanelas da nave xa foran amplias en 1752. Con todo cremos que ó do xanela norte non se ampliou. Parece que conserva o seu estado primitivo. Non sabemos si se ampliou a central, pero cremos que non, a menos neste ano 1830, pois nesta data xa estaba cuberto o retablo maior. A ampliou a situada ó sur, e polo porte hacia a sacristía, posto que ó entrar nela impediase o canto ó retablo, que ocupa a metade do vano, conservado por esta parte a mesma configuración que a actual propia.

EXTERIOR DO MONUMENTO

O exterior do templo presenta unha gran austeridade. Os seus muros, de 0,90 de espesor, se constrúen en sillares perfectamente recortados e dispostos en fiadas horizontales, mantendo a mesma altura.

Os muros laterais da nave, se levantan sobre un zócalo con arista rematada en bocel. En parte este zócalo queda oculto pola terra e polas sepulturas, construídas e adosadas os mesmos. Na zona inmediata a cabeceira, o zócalo sustitúese por un pronunciado escalonamento de retallos, que servirán de base os muros do ábside.

Tres contrafortes prismáticos contrarrestan o empuxe exercido polos arcos faixóns do interior, e dous máis nos extremos que reforzan os alzados laterais, dividen os muros laterais en catro tramos ou compartimentos. Tal organización, responde ó intento de cubrir a nave con bóveda de cañón, e que logo, por causas desconfocidas, retirouse o proxecto.

A iluminación interior, efectúase mediante estreitas saeteras, que se abrigan no segundo e terceiro tramo de cada muro lateral. Contribúen a esta iluminación outras dúas sinxelas xanelas, situadas nos hastiaes dos muros este e oeste.

Os alceiros orgázanse con 17 canciños, todos eles cortados en forma de proa. As cobixas cortáanse en chaflán recto.

No primeiro tramo do muro norte, hai unha lápida empotrada co seguinte inscrición funeraria. Vázquez Núñez léaa así²⁵:

OBITU: FRAT: IOHES: PET
DOUPEIRO: SUB: ERA:
M: CCC: XX: NONAS:
AUGUSTI:

A tradución é a seguinte: morreu fray Juan Pérez de Outeiro, o 3 de agosto de 1324, é decir en 1268. Adosado ó muro, por debaixo da anterior inscrición, hai un sarcófago tamén con epigraffa, que non se lee, por estar as letras moi gastadas. Según Vázquez Núñez, parece ser a tumba dun cabaleiro templario, que viviu e morreu neste pobo de Outeiro, donde está ubicada a igrexa.

No exterior da nave, o que máis chama a atención son as portadas: a porta norte, e en particular a porta oeste ou principal.

A porta norte, estivo cobixada por un pórtico, hoxe desaparecido. Permanecen os buracos no muro, donde se embutían as vigas que sostían o teitume. As outras cabezas deberon descansar nos muros e paredes da casa prioral,

25. VAZQUEZ NUÑEZ A.- Obra citada, pág. 286.

separada da igrexa tan só por unos cantos metros. Estas huellas atestiguan a frecuencia destes cohortizos nas igrexas rurais²⁶.

A portada occidental, organizase mediante un corpo saínte escalonado, flanqueada por dous contrafortes prismáticos e doblados, dividindo a rúa un aleiro, baixo o cal se abre a porta e pola parte de arriba unha xanela, que contribúe a iluminación interior²⁷.

A porta principal consta de tres arquivoltas de medio punto. Tallan as súas aristas en haquetón liso, que provoca no intradós do arco e na rosca unha alternancia de escocias e novos baquetons. A menor presenta na escocia unha decoración a base de bolas. As outras dúas permanecen lisas, exentas de toda ornamentación. Guarnecendo a arcada, una chambrana de perfil asedrezado, que se apoia no muro mediante imposta, recortada en curva de nacela. A cada lado da porta, dispúense acodilladas tres pares de columnas monolíticas, de fuste liso as exteriores e interiores, e as centrais decoradas con estrías helicoidales. Os codillos formados entre columnas, tállanse en bocel, os cales provocan unhas suaves medias cañas. As basas, que reiteran o modelo ático, apoianse en plintox, os que se unen por medio de garras moi desgastadas. Estes presentan unha decoración con líneas geométricas entrelazadas.

Todo o conxunto dispónse sobre un zócalo, rematado por unha moldura tónica saínte, que provoca unha media caña, prolongándose por todo o paramento hastial.

Os capitais son os máis esbeltos e elegantes de todo o conxunto arquitectónico. Os situados o lado esquerdo, son vexetais. O exterior, presenta un tallo que se ciñe e enrosca na cesta, do que colgan piñas. Entre o collarino e o tallo, provócase unha escudadura. O do centro está formado por unhas follas plans pegadas á cesta, lisas e recortadas, que se resollen na parte superior en pequenas volutas. No interior orgáizase en dous corpos con follas de perfil recortado moi carnosas e picudas con bola no envés. Os situados o lado sur, son dos vexetais e un zoomorfo. No exterior presenta unhas tallos carnosos entrelazados, resolvéndose en espirais na parte superior, con bolas nas puntas. Sobre estes, desenvólase outro corpo de menor tamaño. Este capitel reitera esquema seguido no mesmo que se atopou na columna central do lado norte da nave; o central orgáizase con tallos, que arranxando do astrágalo, desenvólase na parte superior da cesta, en follas nervadas pegadas, con marcado refundido central; o interior, presenta a dúas pombas afrontadas.

26. IZQUIERDO PERRÓN R.- *Obra citada*, pax.109.

27. BANGO TORVISO LG.- *En obra citada*, páxs.42-44. Este autor dá un estudo das fachadas orgánicas en igrexas dunha sola nave. Distingue dous esquemas: igrexas orgánicas con fachadas pegadas á paramento totalmente lisas, e dobladas compartimentadas de tres ou máis, decoradas por contrafortes exteriores.

tadas. As patas apoianse no astrágalo, o plumaxe das alas lábrase moi cuidadosamente, a modo de incisións; o fondo do capitel é vexetal; tallos do que colgan unhas follas moi estilizadas e nervadas con refundido central. Os cimacios, perfilados, en curva de nacela lisa, prolongase hasta os contrafortes, para recibir a chambrana que perfila as arquivoltas.

A arquivolta interior cobixa un tímpano de tres pezas con dintel bilobulado. Esta organización parece ter filiación na porta da catedral de Lugo, que exerceu influencia naqueles edificios de cronoloxía avanzada. Os lóbulos perfilan as súas aristas nua alternancia de baquetillas e medias cañas. No centro do tímpano, a cruz patriarcal, enmarcada nun bocel circular, e a que se atribue ós templarios²⁸. O tímpano apease nun par de mochetas, recortadas en curva de nacela, decorando a da dereita cunha vigorosa voluta e a da esquerda con un par de aros anillados, que perfilan as súas aristas con dous cordons soguedados. Ambas mochetas quedan perfiladas por baquetillas lisas, que se estenden polas xambas da porta, provocando unha suave media caña intermedia.

Cubríndo todo o conxunto da portada, un aleiro formado por unha imposta biselada, decorada con cadeneira de follas de pronunciado refundido central, que se dobran nas puntas para dar cobizo a unha bola. A imposta descansa sobre cinco canchís cortados en perfil de nacela co seguinte decoración: o da esquerda alberga un voluminoso rullo; o seguinte presenta unha folla picuda con dobladura moi pronunciada na punta, para dar cobizo a unha bola; o terceiro, orgáizase en dous tallos anillados; o seguinte presenta un esquema con un tallo do que brotan dúas follas picudas con bola no envés; o último, con dúas follas grosas e marcado pronunciamento cara abaixo. As metopas, entre canchís, decoranse con seis flores de oito pétalos, cun incisión moi marcada, unidas a un botón central. Estes flores marcan unha clara filiación mateana²⁹.

O corpo superior, de menos espesor que o inferior, presenta unha xanela, cobixada baixo un arco de medio punto con dovelas lisas e aristas vivas, volteado directamente sobre as xambas, asimismo sin molduración. Contribúe a iluminación interior do templo.

Coronando a fachada, unha espadalla con piñón central de dous vanos para as campanas. Estes se forman con arcos de medio punto, que descansan sobre pilares de arista viva, mediante unha imposta cortada en clallón recto. As aristas, que forman a curvatura dos vanos, rematan nua moldura lisa perfilada por unha chambrana, asimismo lisa e cortada en nacela. Todo o conxunto apoia-se no muro, mediante unha imposta perlada en perfil de nacela.

28. QUINTANA PRIMITIVA.- "Guía de la catedral de Astorga", Astorga 1979, pax.42.

29. BANGO TORVISO LG.- *En obra citada*, pax.89.

Para subir a espaduña, accóndese polas escaleiras da tribuna, es desde ésta, continúan outras de madeira hasta chegar a espaduña. As campanas actuais colocáronse en 1784, que substituíron a outras de pouco peso e mal son³⁰.

A fachada occidental desta igrexa é dun gran valor artístico, destacando a pureza das súas liñas e a esmerada execución con que se levou a cabo. Vázquez Núñez³¹, a valora desta maneira: "Na fachada, de gusto severo e elegante, abrese a porta principal, formada por unha triple arquivolta abocinada". Angel del Castillo³², da a súa valoración desta fachada de Asturesca: "Portada principal e muro norte de arquivoltas semicirculares, sobre columnas acodilladas nas xambas, de ambas a mállor a principal, que constitúe un bo exemplo dentro do que son as igrexas deste tipo. Ferrerías mostra do noso románico, da segunda metade do século XII".

No muro este, ábrese unha xanela con arco de medio punto, que se apea directamente nas xambas, rematando os bordos en arista viva. Presenta as mesmas características que a súa oposta no muro occidental, pero con vano bastante máis amplo. Por debaixo da xanela, e protaxendo a cabeceira da igrexa, aparece un tornachuvias enrobado no muro sen soporte, segúnto a directriz das vertentes da cuberta a dúas augas. Coronando o muro unha cruz co brazo vertical partido, que ben podería ser un aneloxa.

No segundo tramo do muro norte, abrese outra interesante porta, flanqueada por dous contrafortes prismáticos. Consta de unha arquivolta de medio punto en grosu base lisa, que provoca na rosca do intradós sendas escocias. Cobríase baixo unha chambrana semicircular, ceñida a parede, das mesmas características a que perfila as arquivoltas da porta principal. Descansa nun par de columnas lisas, monolíticas, dispostas entre os codillos das xambas, transformando éstas ás aristas en un baquetón liso. As bases son entregas, con molduras de perfil ático. Levan garras nos extremos, que as unen ós plintos, aínda que moi desgastadas. Os plintos son paralelepípedos sen decoración.

O capitel da esquerda é vexetal. Presenta un primeiro corpo con tres follas moi esquemáticas e pouco releve, que teñen sinalizado o nervio central a través dunha profunda incisión, e que se doblan para albergar unhas bolas. No segundo corpo, unhas follas de menor tamaño cobixan, ó curvarse, outras bolas, unhas

30. ARQUIVO PARROQUIAL.- Libro de Visitas, principio de Casado, ano 1690, folio 25. As campanas cambiáronse, sendo prior de Asturesca D. Luis Blas e Rodríguez. O resto das mesmas foi de Illi reales, sacadas de o forno das sepulturas. O arcozón de ferro e madeira, foi comprado por un ferreiro, veciño de Caminha.

31. VAZQUEZ NÚÑEZ A.- Obra citada, pág. 383.

32. DEL CASTILLO A.- "Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia", File. de los Monumentos, Santiago de Compostela 1973, p. 40.

dimensións son máis reducidas. O capitel da dereita reitera o tema das pombas afrontadas, que vimos no capitel interior dereito da porta principal, na diferenza que neste, o fondo do capitel era vexetal, mentras que na porta norte decorase con perlas na parte superior. Os ábucos, en perfil de nacela, lisos, se impostan nos muros laterais, hasta os contrafortes que enmarcan a porta.

A arquivolta cobixa un tímpano monolítico, semicircular, con arista viva. Nos extremos inferiores, hai grabadas dúas cruces: unha semellante a cruz grega e outra cruz latina con ensanches triangulares nos extremos, ambas enmarcadas en semicirculos perfilados por baquetas e escocias, atribuídas ós templarios³³. Na parte central superior hai unha folla cuadrifolia³⁴.

Actualmente o tercio superior da porta foi tapado por un dintel liso, que se apoia nas xambas, mediante un corte horizontal efectuado nos mesmos. O espazo entre este dintel e o primitivo, está recheo con outras pezas. Co obxecto de reducir o vano da porta, as mochas foron repicadas, como ben se aprecia polo interior da igrexa.

Todo o conxunto ornamental descansa sobre un zócalo de 0,50 m. de altura, rematado por unha moldura tórica e escocias, que se estende hasta os contrafortes que enmarcan a porta. O exterior os muros do ábside, de sillaría granítica, permanecen ben conservados, destacando pola súa beleza que realzan a monumentalidade da igrexa. Levántanse sobre dous tabalos escalonados, en parte ocultos polo nivel do terreo.

O hemiciclo únese ó tramo recto mediante un codo de 0,32 m., rematado nun grosu toro e medias cañas. Os muros do tramo recto, permanecen lisos, pero o hemiciclo absidial, compartíntase en tres panos por dous contrafortes prismáticos, extendéndose dende a zona inferior hasta o alero. En cada pano, abrense xanelas con organización completa. Constan de dobre arquivolta con arcos semicirculares, que se apean en sendos pares de columnas monolíticas, lisas, acodilladas nas xambas, rematando as aristas en baquetas, que provocan suaves medias cañas. Cíben as arcadas unha chambrana axadrezada, que se apea nunha impronta, continuación dos cimacios dos capiteis. Estas molduras axadrezadas, presentan as mesmas características que as situadas na porta norte e porta occidental. As bases intentan seguir o modelo ático. Destaca o desenvolto que alcanza o toro inferior en detrimento do superior e da escocia intermedia. Unenae ós plintos, de gran tamaño, por medio de garras que apenas se aprecian polo desgaste. Este trata-

33. VAZQUEZ NÚÑEZ A.- Obra citada, pág. 384.

34. VAZQUEZ NÚÑEZ A.- Obra citada, pág. 386. Di que no dintel da porta norte hai dúas cruces e dúas cuadrifolias.

mento dado ás basas, débese a habelas tallado, non de maneira cxeita, sinon en sillares que o mesmo tempo forman parte do muro³⁵.

Os cimacios impositanse por todo o muro do recinto absidial quedando cortados polos contrafortes. Cortábase en chaflán recto, decorados con losanxes³⁶. O cimacio do tramo norte permanece liso, decorándose unicamente por riba dos capiteis interiores, correspondentes a xanela do mesmo pano. Os vanos das xanelas están formados por arcos de medio punto, lisos, que voltean directamente sobre as xambas, perfilando as súas aristas nunha bequeta lisa.

A arquivolta exterior da xanela norte, compoñese de oito dovelas, con aristas en bocel e media caña no intradós. A rosca decórase con follas organizadas en cañas, esquemáticas, con nervo central marcado por unha profunda incisión, que se doblan nas puntas para albergar unhas pequenas bolas. A interior do cinco pezas, recorta as súas aristas en bocel, que provoca unhas medias cañas. Os capiteis desta xanela orgánzanse da seguinte maneira: O exterior esquerdo presenta un esquema de dous corpos; o superior moi desenrolado con entrelazo de ovas e o inferior co mesmo motivo, pero de dimensións máis reducidas, que reiteran o esquema do capitel situado no muro sur da nave, próximo o arco triunfal. O capitel interior do mesmo lado, igualmente de dous corpos; no inferior tres follas nervadas con marcadas incisións, que se doblan nas esquinas para cobixar vigorosas bolas; o corpo superior, repite o tema do entrelazo de ovas visto no capitel anterior. O exterior dereito, orgánzase con tres follas nun só corpo, moi pegadas e marcadas incisións, doblándose nas esquinas para enmullarse en espirales. O interior do mesmo lado, orgánzase con tres tallos, que partindo do collarino, cruzanse en forma de aspa e rematan nos extremos en bolas de gran tamaño. Esta mesma organización encontrábase no capitel do muro sur da nave, na columna coreana a tribuna, en diferenza, que o da nave remata en follas, e o da xanela en bolas.

Os arcos da xanela sur, compoñense de sete e seis dovelas respectivamente. Ambos presentan as características apuntadas na xanela anterior. Os capiteis presentan as formas seguintes: Exterior esquerdo orgánzase cunha cesta de dous órdenes; o inferior, tres follas esquemáticas con incisión central, do que damba maneira simétrica, parten outras incisións que se dispoñen ó ancho das mesmas; rematan en vigorosas bolas que albergan ó doblarse as puntas; o corpo superior da cesta con follas pouco desenroladas. As follas do primeiro corpo, reiteran o esquema do capitel da nave no muro norte, cercano o arco triunfal. No capitel interior esquerdo repítese o tema das pombas afrontadas, visto no capitel interior dereito da porta principal da porta norte; como fondo presenta tres follas de pouco rele-

35. VAZQUEZ NUÑEZA A. - Obra citada, pág. 106.

36. VAZQUEZ NUÑEZA A. - Obra citada, pág. 256.

vo, que teñen sinalizado o nervo central a través dunha incisión, da que parten outras, dispostas ó ancho das mesmas. O exterior dereito de labra moi toska, un tallo enrollado do que colgan piñas, dispostas en dous corpos. Repítese o esquema do capitel exterior esquerdo da porta principal. O interior do mesmo lado, orgánzase con tres follas das mesmas características, vistas no capitel exterior dereito da xanela norte. Parte desta xanela quedou oculta pola sacristía que se construíu en 1830.

Na ventan central, as arquivoltas compoñense de sete e seis dovelas respectivamente. A diferenza das dúas xanelas anteriores é que en ésta, as dúas arquivoltas presentan decoración na rosca con follas esquemáticas, con nervo central ben sinalizado, a través dunha incisión e se doblan nas puntas para cobixar pequenas bolas. Este esquema seguido nas tres xanelas absidiales, reitera o disposto no alreio da fachada principal. Os capiteis presentan esta decoración: o exterior esquerdo presenta unha cesta de dous corpos; o inferior con tres follas de nervo central, marcado a través dunha incisión a cal orixina outras dispostas ó ancho da folla a modo de nervos; nas puntas doblanse para dar cobixo a tres grandes bolas no corpo superior, salen outras follas máis pequenas, que igualmente albergan bolas de tamaño máis reducido. Este capitel reitera o mesmo motivo disposto no exterior esquerdo da xanela sur. O capitel interior esquerdo, repite o tema das pombas afrontadas, xa visto, con fondo vexetal, no que destacan follas nervadas con profundas incisións. O capitel exterior dereito está moi desgastado, e de labra muy toska. Orgánzase en dous corpos; o superior con entrelazo de ovas e o inferior con piñas, que colgan dun tallo; pegado o collarino aparece unha escotadura. O interior dereito presenta un esquema xa visto nun capitel situado na columna central da nave no muro sur e no exterior dereito da porta principal. Reitera o tema dos tallos anillados, que partindo do collarino desenrolanse en espirales nos extremos, albergando pequenas bolas.

Remata o ábside un alreio achafanado que decora a cobixa con rombos encadeados, permanecendo lisa na metade correspondente o tramo sur; por arriba do contraforte igualmente situado no lado sur e todo o recorrido do tramo recto no muro norte. Este alreio decórase sobre 14 canciños, recortados en perfil de nacela, os cales conteñen variadas figuras e representacións diversas. Os temas representados son os seguintes; no tramo recto sur, un águila con pico e alas moi desenroladas; a continuación un animal, con ollos moi abultados, que sostén unha presa na boca. No pano sur do hemiciclo, en primeiro lugar un canciño que representa a un monstro cun cornio na boca; sigúelle outro monstro difícil de identificar por atoparse moi deformado; o último deste pano sur representa a un hobo, que se resiste a abrir os ollos ante a claridade³⁷. No tramo central, aparecen catro canci-

37. VAZQUEZ NUÑEZA A. - Obra citada, pág. 287.

nos das seguintes representacións: un músico, que ten sobre o seu hombro esquerdo unha viola, mentras que coa man dereita sustén o arco que apoia no instrumento; séguelle un mostruo que suxeita a presa das mans e pes; a continuación, un personaxe equilibrista contorsionándose ou en exhibición circense; finalmente unha cabeza humana de un personaxe barbarampíño e pelo nodulado³⁸. O tramo norte contén tres canciños iguais e cortados en forma de pira, do mesmo perfil que os que sosteñen o alero da nave. Por último no tramo recto norte, dous canciños: o primeiro representa a un personaxe con un libro aberto sobre o peito, e o segundo a un mostruo sen brazos, que mete os pes na boca.

Entre os canciños do tramo sur hai, unha flor de sete pétalos, unidos a un botón central, moi xcomerizada e refundida no sillar. Outra das mesmas características, pero con seis pétalos, aparece nun sillar do contraforte situado ó lado norte. Tanto nos muros do ábside como nos da nave son visibles diversos cruces atribuídas o temple.



Vista interior do templo co Relaxio ó fondo.

Adosado o muro sur do ábside, construíuse en 1830 unha sacristía de forma rectangular, por mandato do Vicario Xeral da Encomienda Fray Juan Francisco Pérez de Balboa. Con esta construción quedou oculta parte da xanela sur, afec-

38. Xeralmente o músico vai acompañado doutro canciño, que representa a un equilibrista, formando parte da mesma aliaza, ámbos que nos están nos iguais, como nosé noso. Domingo Teóvora, para citalo.

Revista do Centro de Estudos "Claytona" nº3, 1992

tando na súa maior parte o lado esquerdo. A pesar desta construción, que en parte desvirtúa o valor artístico da igrexa, sin embargo constitúe a cabeceira a súa parte máis notable. Vázquez Núñez, así o interpreta o afirmar que a cabeceira da igrexa "destaca pola súa beleza e variedade de ornamentación, a pureza das liñas xerais e a esmerada execución con que se levou a cabo, producindo o seu conxunto o mellor efecto artístico"³⁹.

CONCLUSIÓN

A igrexa de Asturres, de aspecto moi atraente, está formada por unha gran masa pétreo, disposta en sillares de granito perfectamente encastrados e alizados, unha igrexa de estrutura rural na que o seu conxunto causa sensación de equilibrio pola proporcionalidade e armonía na ordenación de diversos elementos, unha construción firme e enérxica dunha autenticidade románica envidiáble, que únicamente se quebrou pola construción dunha sacristía adosada o muro sur da cabeceira.

No que se refire á organización arquitectónica e demais elementos decorativos da igrexa, hai que ter en conta tres aspectos: o tradicional ou primitivo, as tendencias e influencias recibidas e as inventivas propias do mestre de obras.

O tradicional percíbese na súa estrutura e ornamentación destacando o ruralismo da obra; existe un afán conservador das técnicas primitivas⁴⁰ na organización das portas e xanelas, a ruralización está moi presente na porta do muro norte, moi alta e estreita, destacando o primitivismo e a sencillez. A ornamentación é arcaizante, pouco fina, con predominio da tosquidade en parte debido á dureza da pedra que impón serias dificultades ó labrado da mesma; apreciase un románico rural, sinxelo con predominio dunha decoración vexetal e a casi total ausencia de capiteis zoomorfos, de labra tosca.

A catedral de Compostela, que está presente en todas as manifestacións do románico rural galego. Tómase solucións compostelanas da Porta de Platerías no que se refire a distribución de molduras cóncavas e convexas de portas e xanelas, remate dos codillos das xambas, as mochetas que sosteñen os tímpanos, a organización de bases en perfil lítico, disposición de plintos, columnas tronolíticas e de tipo helicoidal, etc.

